

## Formación intensiva do sector madeira e moble en Estonia

Os socios do proxecto Erasmus+ FUTUREfacing visitaron Estonia a semana pasada. A actividade constituía o terceiro evento formativo conxunto.

Ata alí desprazáronse ILVA, FINSA, BCF, profesorado da DXEFPIE, CIS-Galicia e CIS-Madeira . A escola Rakvere Ametikool acolleu a visita e organizou un intenso e interesante programa.

Como punto de partida, presentaron o sistema de formación profesional en Estonia e as súas instalacións. Estonia é a sociedade dixital máis avanzada do planeta e as súas escolas son bo exemplo diso. Desde a biblioteca aos paneis interactivos que invaden os corredores, pasando pola interrelación entre o alumnado e o profesorado.

O grupo visitou fábricas de primeira transformación como Tapa Mill, As Repo, Balti Spoon ou Stora Enso, xunto con empresas de carpintería industrial como Aru Group ou mobiliario infantil no caso de Flexa . En todas elas destaca o nivel de acabado e o sistema de xestión da calidade.

Na visita para Tender Ehitus foron testemuñas *in situ* da fabricación de casas de troncos. Do mesmo xeito que este procedemento pouco habitual na nosa área, o equipo descubriu produtos típicos dos países nórdicos. Así, puideron visitar Eskaro e probar os seus aceites e lasures de exterior, e participar nun workshop ofrecido por Amello Group no que os pigmentos e os aceites foron protagonistas.

O evento conxunto aproveitouse tamén para presentar os avances dos produtos obxecto do proxecto: un manual técnico de acabados e revestimentos, un simulador virtual de vernizado e unha base de datos.